



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONSELLO DE GOBERNO DO DÍA 22 DE XULLO DE 2011

Ás 10.05 h, en segunda convocatoria, na sala do Consello de Goberno da Reitoría, A Maestranza, comeza a sesión ordinaria do Consello de Goberno que preside o Reitor Magnífico D. José María Barja Pérez, de acordo coa orde do día que figura no **anexo I** e coas persoas asistentes que se relacionan no **anexo II**, xustifican a súa ausencia os Sres. Jesús Miguel Muñoz Cantero, María Luisa Sánchez Simón, Pilar Uriz Tomé, María Jesús Manso Revilla, M^a Carmen Barreiro Daponte e Xabier de Salvador González.

1. Informe do reitor

Tras a comprobación do quórum legal necesario para realizar a sesión, o reitor abre o Consello de Goberno dando conta, en primeiro lugar, da presentación o pasado día 7 de xullo da nosa candidatura ao Campus de Excelencia Internacional.

Tras o anterior, o reitor informa dos principais acordos adoptados polo Consello Social na súa sesión do 30 de xuño.

O 14 de xullo tivo tamén lugar un Consejo de Universidades en Madrid, en que se informou sobre distintos borradores de Real decreto (por exemplo, un que pretende regular as prácticas externas dos estudantes). Tamén se comentou un borrador de Orde Ministerial sobre o denominado “Máster Universitario de Excelencia”, así como o proxecto Europass, cartafol europeo das linguas; unha especie de certificado académico homologado en toda Europa. Tamén se informou sobre o estado dos títulos de enxeñaría da edificación.

Respecto do Campus do Mar, informa de que tivo lugar unha reunión do Comité executivo en Vigo. Neste momento están xa a montarse os equipos de traballo de cada comité sectorial. O reitor anuncia a sinatura dun Convenio co CSIC para manter en Bruxelas unha oficina de investigación entre as tres universidades, de cara á captación de recursos, convocatorias, proxectos etc.

Remata o reitor a súa quenda de informe destacando o éxito da UDC na concesión de 4.108.000 millóns de euros de fondos FEDER para a realización do programa ASISTA.



Pola súa parte, a xerenta informa de que con data 15 de xullo se incorporaron como persoal laboral fixo 38 auxiliares de servizo, así como 4 conserxes, co que os procesos selectivos previstos para área de Conserxaría fican rematados.

Con esta mesma data publicouse a nova Resolución pola que se constitúen as listaxes de agarda e se regula o procedemento para a cobertura temporal de postos de traballo do persoal funcionario de administración e servizos.

Así mesmo, o 18 de xullo publicáronse as novas listaxes de agarda de auxiliares administrativos, a través das que xa se están facendo chamamentos. Estas listaxes proceden do último proceso selectivo de auxiliares administrativos.

Os 30 novos auxiliares administrativos que superaron este proceso selectivo serán nomeados funcionarios de carreira durante o mes de setembro.

A vicerreitora de Investigación informa de que no DOG do 15 de xullo apareceu a convocatoria de contratos predoutorais. Se ben, aínda pendente da corrección de erros, polo tema do protocolo de medias que está a piques de asinarse. 7 programas de doutoramento obtiveron informe favorable coa mención de excelencia.

O vicerreitor de Ferrol informa de que está aberta unha convocatoria para cubrir dúas prazas no viveiro de empresas. En relación ao ASISTA, lembra que este centro formaba parte do plan de centros tecnolóxicos, centrado na xerontoloxía, a neurociencia e a medicina e a calidade de vida. Por último, indica que a convocatoria dos premios conxuntos co Concello de Ferrol permanecerá aberta até o 15 de setembro.

A Vicerreitora de Organización Académica e Titulacións informa de que todos os mestrados universitarios solicitados pola UDC en decembro de 2010 obtiveron informe favorable, polo que se implantarán para o vindeiro curso 2011-2012.

2. Aprobación, se proceder, da acta da sesión ordinaria de 30 de xuño de 2011

Tras a lectura da acta, que estivo a disposición dos membros do Consello de Goberno na Secretaría dos seus respectivos centros e na Secretaría Xeral da Universidade, pide a palabra o representante de estudantes de IESGA



para facer constar que, ao seu xuízo, non se cumpriu co compromiso de traer a este Consello a elección dos representantes de estudantes no Consello Social e no Consello de Estudantes do Estado. Os catro representantes de estudantes de IESGA abstéñense na aprobación da acta, que se incorpora como **anexo III** á presente.

3. Contratos e convenios

Para os efectos de cumprir o que establece o artigo 27.2 dos Estatutos da Universidade da Coruña, o secretario xeral dá conta dos convenios que figuran no **anexo IV**, que se clasifican nesta ocasión en convenios marco (4), convenios específicos (15) e convenios para prácticas (92) e que cumpriron todos os trámites preceptivos previos que se requiren para a súa aprobación polo Consello de Goberno nesta sesión.

A listaxe apróbase por asentimento.

4. Prazas de profesorado

O vicerreitor de Profesorado expón o cadro de prazas de PDI contratado que figura no **anexo V**, indicando que se trata de conversión de contratos anteriores, salvo a última praza, que é de creación neta (asociado P3 de Didáctica das Ciencias Sociais). Dá conta tamén da proposta de dúas prazas de profesor asociado para os mestrados de Turismo que figuran como **anexo VI**.

5. Cambios de dedicación curso 2011/2012

Apróbanse por asentimento dous cambios de dedicación para os profesores José Luis Martínez Raído e Pedro Rivas Palá, de conformidade coa documentación que figura no **anexo VII**.

6. Licenzas

Apróbase por asentimento a licenza solicitada por Estefanía Mourelle Espasandín para un período de tres meses e que figura como **anexo VIII**.

7. Renovación de profesores honorarios

Apróbase por asentimento a renovación de José María Domínguez Legaspi por dous anos, e o recoñecemento da figura para Primitivo González López, con efectos a partir do 1 de outubro e que figuran no **anexo IX**



8. Programa de promoción do PDI acreditado

O vicerreitor de Profesorado expón que das catro solicitudes recibidas de profesor titular con acreditación a cátedra de universidade, unha delas, a correspondente a Arsenio Ferraces, non cumpre co programa, polo que só se aproba a convocatoria de concursos de catedrático de universidade para as áreas de Ciencias da Computación, Medicina e Ecoloxía cuxas solicitudes e tribunais figuran como **anexo X**.

A profesora Sagrario López Poza manifesta as súas obxeccións respecto da normativa, e vota en contra.

Manuel Casteleiro intervén tamén para indicar que o asunto se comentou e debateu xa na COAP.

9. Aprobación dos tribunais de prazas do PDI funcionario

O vicerreitor propón a aprobación dos tribunais de prazas que constan no **anexo X** e solicita a corrección dos seguintes erros que figuran no tribunal proposto polo Departamento de Medicina: o vocal suplente, Javier Díaz Martínez, debe substituírse polo catedrático Arturo Fernández Cruz.

Apróbase por asentimento.

10. Títulos propios de posgrao

A vicerreitora de Organización Académica e Titulacións expón a renovación dun mestrado, dun curso de especialización, e de nove cursos de formación específica de posgrao, que figuran no **anexo XI**. No caso do novo título solicitado, “*Coaching Persoal e Executivo*”, a vicerreitora sinala que a Comisión de Estudos Propios de Posgrao emitiu un informe desfavorable, pois a memoria económica recolle un custo excesivo que non está xustificado para un curso de esas características, polo que se lles propón aos solicitantes corrixir esa memoria para axustala aos criterios expresados na Comisión e contar co informe favorable da mesma antes da súa aprobación definitiva.

Apróbase por asentimento.

11. Directrices e regulamento relativo ao traballo de fin de grao



A vicerreitora expón que se trata de dous documentos, as directrices comúns e o regulamento-tipo destes traballos, cos que se trata de dar unhas as pautas claras para que os centros elaboren de xeito homoxéneo, tanto no contido como nos prazos, os seus propios regulamentos de traballo de fin de grao.

Pedro Nogueira agradece a dinámica de traballo, pero sinala que a documentación aparece cortada nalgún parágrafo.

Manuel Casteleiro congratúlase do enfoque destas directrices, pois considera que é un marco seguro e flexible para que os centros axusten a cada titulación os traballos de fin de grao.

Xosé Manuel Casabella indica tamén as peculiaridades das titulacións do seu centro. Solicita que se fagan esforzos para unificar os calendarios de matrícula e realización de mestrados interuniversitarios.

Apróbase por unanimidade, e incorpóranse os documentos como **anexo XII**.

12. Fusión dos departamentos de Construcións Navais e Enxeñaría Naval e Oceánica

O secretario xeral expón as razóns legais e de oportunidade da proposta, plasmada no documento que figura como **anexo XIII**, engadindo unha matización a este: tras a negociación con ambos os departamentos, debe cambiarse a denominación pola de “*Departamento de Enxeñaría Naval e Oceánica*”. Neste sentido, intervén o profesor Primitivo González para explicar que o cambio de denominación trata de adaptar o obxecto do departamento ás áreas en que se traballa con máis futuro (enxeñaría *off shore*, acuicultura, explotacións minerais e enerxéticas etc.).

Apróbase por unanimidade.

13. Elección dos membros da Comisión de Reclamacións de prazas de PDI interino e laboral contratado

O secretario xeral expón o procedemento seguido para a presentación de candidaturas, e indica que só se presentou unha listaxe de persoas, avaladas polas correspondentes sinaturas. Presenta as persoas o vicerreitor de Profesorado.



Os candidatos adquiren, pois, a condición de electos e incorpóranse os seus datos ao **anexo XIV**.

14. Quenda aberta de intervencións

Na quenda de intervencións, Ricardo Cao solicita aclaración sobre o alcance das mencións de excelencia dos doutoramentos. A vicerreitora de Investigación aclara que se trata dos doutoramentos organizados pola UDC ou daqueles en que a UDC é coordinadora.

Amelia Fraga fala no nome de IESGA e retoma o tema das votacións de representantes de estudantes, anunciando que vai incorporar un voto particular, que procede a ler, para achegar á acta. Incorpórase como **anexo XV**.

O decano da Facultade de Economía e Empresa, Anxo Calvo, intervén para sinalar que a RPT do seu centro indica que permanece sen cubrir o cuarto posto da conserxaría de quenda de tarde, polo que solicita da Xerencia a cobertura dese cuarto posto. A Xerencia explica que está prevista a extinción e reasignación dese posto, por resultar excesivo, na vindeira RPT. O decano reitera a súa solicitude, porque é unha praza dotada na RPT, e a RPT ten unha entrada en vigor incerta no tempo.

Xosé Portela enlaza coa intervención anterior do decano, para indicar que hai un concurso iniciado para que os traballadores de conserxaría ocupen os postos de traballo e a praza mencionada aparecía no concurso. Tamén solicita a cobertura do posto de traballo. Critica a sinatura do Plan de sustentabilidade asinado coa Xunta, e pregunta canto vai supor. Pregunta tamén sobre o convenio co CSIC para ter a oficina en Bruxelas: que efectivos van traballar nesa oficina? Que procedemento se vai utilizar para enviar efectivos? Subliña que faltan algunhas convocatorias por saír, aínda que é unha responsabilidade compartida coa representación dos traballadores. Di que hai que solucionar as deficiencias.

A xerenta contesta estas cuestións en quenda de réplica.

Desde os Comités preguntan sobre o decálogo presentado pola Xunta, e se vai haber máis recortes nas universidades.

O vicerreitor de estratexia e planificación económica aclara como a Xunta de Galicia chegou a aprobar o decálogo: non se aprobou por consenso se non por votación nunha comisión na que a Xunta tiña 4 votos e as universidades un voto cada unha. Nas negociacións, os representantes da



UDC foron moi críticos co decálogo, sinalando problemas de concreción, relevancia e coherencia. Destaca entre as propostas da UDC que foron rexeitadas a de compartir titulacións dentro do SUG cando a demanda nunha universidade fose insuficiente ou excesiva. De todos os xeitos a lo menos conseguiuase que o decálogo fose considerado unicamente como un conxunto de recomendacións.

O reitor aclara que non se trata de enviar auxiliares administrativos a Bruxelas. O persoal de apoio será especializado en captación e xestión de recursos comunitarios e enviado pola Consellaría de Economía e Industria.

Rosa Meijide expresa a súa satisfacción pola consecución dos fondos FEDER para o edificio ASISTA. Pregunta pola previsión do goberno sobre os prazos de construción do edificio. A vicerreitoría de Investigación aclara que, unha vez concedidos os créditos, comezará a execución técnica do proxecto de obras. O vicerreitor de Infraestruturas indica tamén que o proxecto está sendo revisado polos servizos técnicos para que non haxa ningún problema, antes de ser licitado a concurso público.

O profesor Anxo Calvo destaca a prudencia do vicerreitor de Estratexia e Planificación Económica á hora de xulgar o “decálogo”, pois na súa opinión é unha medida ampulosa, irrelevante e dirixida aos medios de comunicación, pero carente do mínimo rigor esixible.

Xosé Portela solicita da Xerencia que se amplíe o prazo de presentación de solicitudes no concurso.

Sen máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 11:55 h, do que eu, como secretario, do fe, co visto e praxe do presidente.

Visto e praxe

O secretario xeral

O presidente

Carlos Amoedo Souto

José María Barja Pérez